

“Unha novela que seduce”

- “Recreación fidedigna da Galicia do século XVIII”.
- “Acción trepidante mesturada con digresións demasiado longas”.

-“Falamos dun autor que comeza e falamos dun libro que foi finalista do Premio máis prestixioso do país, o Premio Xerais. Un premio que, curiosamente, foi para o mar, posto que as tres obras galardoadas no ano 2011 teñen como leit-motiv o mar [as outras dúas obras: *Extramunde*, de X. Queipo, e *Os fillos do mar*, de P. Feijoo].

-“A orixinalidade da obra que nos ocupa, dun xénero esquecido na nosa Literatura, comeza dende o principio: o autor utiliza a técnica do manuscrito atopado para presentar o seu relato. Así, quen fala é un tradutor dun manuscrito inglés que lle foi enviado por un investigador británico (...)”

-“A acción desenvólvese en pé de aventuras na Costa da Morte (...). Abordaxes, enganos, fuxidas, persecucións... (...) Caber caben máis ca aventuras nesta novela, pois toparemos unha recreación fidedigna da Galicia do século XVIII onde fidalgos, cregos, Inquisición, foros e ilusións no futuro conviven cada día.”

-“Acción trepidante, por tanto, mesturada con digresións demasiado longas que entorpecen a lectura: informacións históricas, mitos, lendas populares, descrições xeográficas, literatura da Costa da Morte... fan que esta novela de aventuras se afaste por veces da súa propia natureza e chegan a renxer na lectura.”

-“Non é esta eiva a que quixeramos destacar senón todo o contrario: cremos que estamos ante unha boa proposta literaria, orixinal e pouco dada na nosa tradición literaria, capaz de seducir ao lector e de deixalo cun bo sabor de boca logo dunha travesía pola nosa marabillosa e ás veces descoñecida Costa da Morte”.

(Gracia Santorum, no blog Trafegando ronseis www.trafegandoronseis.blogspot.com e revista *Grial* nº 198, abril-maio-xuño 2013, pp. 86-87)